

¿Qué é o ciclo superior de Laboratorio de diagnóstico clínico?

É unha ensinanza da nova formación profesional, de tipo superior, que pertence á familia profesional de Sanidade. Pretende capacitar aos alumnos para realizar estudos analíticos de mostras biolóxicas humanas: interpretar e valorar os resultados técnicos, ben para serviren como soporte ao diagnóstico clínico ou á investigación.

Para **acceder** a estes estudos os alumnos deben ter o título de bacharelato ou COU, o título de FP 2 ou de técnico superior en calquera outro ciclo superior ou ben un título universitario. De non posuír este requisito, tamén se pode acceder superando unha proba de acceso.

¿Qué duración teñen estas ensinanzas?

Estes estudos teñen unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos (outubro-xuño) que á súa vez se distribúen do seguinte modo:

- **1.620 horas** (1 curso académico e dous trimestres do seguinte) no centro educativo, onde recibirán formación específica relacionada co ámbito profesional elixido.



- **380 horas** nun centro de traballo (terceiro trimestre do 2º curso), onde acabarán de adquirir os coñecementos de tipo profesionalizador. Para este período cada alumno dispón dunha axuda económica por parte da Consellería de Educación.

¿Qué formación se recibe no centro educativo?

Esta titulación está integrada por 7 materias específicas, chamadas módulos profesionais, que se imparten nos dous cursos académicos. O nome e duración de cada un deles é o seguinte:

- **Organización e xestión da área de traballo:** 80 horas
- **Recollida, preparación e conservación de mostras biolóxicas humanas:** 295 horas
- **Fundamentos e técnicas de análises hematolóxicas e citotóxicas:** 450 horas.



- **Formación e orientación laboral:** 55 horas
- **Fundamentos e técnicas de análises bioquímicas:** 295 horas.
- **Fundamentos e técnicas de análises microbiolóxicas:** 295 horas
- **Proxecto integrado:** 70 horas.

¿Cómo se imparten estas ensinanzas?

Por tratarse de ensinanzas de tipo profesionalizador, que perseguen formar e capacitar ao alumno no dominio de procedementos e destrezas relacionadas coas técnicas analíticas de mostras biolóxicas humanas, a metodoloxía que se emprega é fundamentalmente práctica.

Para adquirir eses coñecementos o Instituto "Campo de San Alberto" de Noia dispón das seguintes instalacións específicas:

- Un laboratorio de análise equipado para impartir estas ensinanzas, no que cada alumno dispón do equipamento para desenvolver o seu traballo formativo.
- Dúas aulas polivalentes equipadas de biblioteca especializada, ordenador, canón de vídeo, retroproector, e vídeo.
- Un aula de informática na que cada alumno dispón dun ordenador con conexión a internet para desenvolver o seu traballo de aula.

